

**REUNIÓN DA COMISIÓN 4.<sup>a</sup>,  
EDUCACIÓN E CULTURA**

Día: 19.01.2017      Hora: 10:30

A Comisión 4.<sup>a</sup>, Educación e Cultura, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 19 de xaneiro de 2017, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

**Punto 1. Delegación na Mesa da Comisión das facultades previstas nos artigos 44.1 e 143.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia, conforme ao establecido na Resolución da Mesa do Parlamento do 11 de abril de 1986**

**Punto 2. Proposicións non de lei en Comisión**

- 2.1 747 (10/PNC-000059)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Fernández Gil, César Manuel e 5 máis  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para afrontar un proceso de potenciación da aprendizaxe de linguas estranxeiras nos distintos niveis educativos. (Procedemento de urxencia)  
*Publicación iniciativa carácter urxencia, BOPG n.º 10, do 09.11.2016*
- 2.2 1170 (10/PNC-000107)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para revitalizar o Centro Galego das Artes da Imaxe  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 18, do 23.11.2016*
- 2.3 1607 (10/PNC-000166)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel  
Sobre a elaboración pola Xunta de Galicia dun plan de conservación integral da muralla romana de Lugo  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 26, do 07.12.2016*
- 2.4 1696 (10/PNC-000175)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a declaración das covas de Eirós, Graxeira e Cabaxa, no concello de Triacastela, como ben de interese cultural, así como para a súa protección e conservación  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 26, do 07.12.2016*
- 2.5 1941 (10/PNC-000211)

- Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis  
Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para evitar os riscos que está a ocasionar para a seguridade dos nenos, peóns e vehículos a parada do transporte escolar localizada na DP-2404, en Vilaño, na Laracha  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 28, do 14.12.2016*
- 2.6            2129 (10/PNC-000222)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis  
Sobre a prohibición polo Goberno galego da distribución nos centros educativos de Galicia de calquera publicación que poña en cuestión a igualdade das persoas e, nomeadamente, as políticas de igualdade de trato e non discriminación por motivos de orientación sexual  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 28, do 14.12.2016*
- 2.7            2320 (10/PNC-000239)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Chao Pérez, Luca e 4 máis  
Sobre a distribución duns folletos de corte claramente homófobo nos centros de ensino de Galicia  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 32, do 21.12.2016*
- 2.8            2515 (10/PNC-000265)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Puy Fraga, Pedro e 7 máis  
Sobre o impulso pola Xunta de Galicia da implantación da programación e a robótica nos distintos niveis educativos, con especial incidencia en Educación Primaria  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 36, do 28.12.2016*

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2017



PARLAMENTO  
DE GALICIA

Antonio Mouriño Villar  
Presidente da Comisión

# RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 4.ª, EDUCACIÓN E CULTURA**

POR ORDE ALFABÉTICA

## **Mesa**

Presidente

Antonio Mouriño Villar

P

Vicepresidente

Carlos Enrique López Crespo

P

Secretaria

Luca Chao Pérez

EM

## **Vogais**

Luis Manuel Álvarez Martínez

S

Moisés Blanco Paradelo

P

María de la Concepción Burgo López

S

María de los Ángeles Cuña Bóveda

EM

Teresa Egerique Mosquera

P

César Manuel Fernández Gil

P

Martín Fernández Prado

P

Carlos Gómez Salgado

P

Olalla Rodil Fernández

BNG

**Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura**

**Día: 19.01.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1. Delegación na Mesa da Comisión das facultades previstas nos artigos 44.1 e 143.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia, conforme ao establecido na Resolución da Mesa do Parlamento do 11 de abril de 1986

Reunión da Comisión 4.<sup>a</sup>, Educación e Cultura

Día: 19.01.2017

Hora: 10:30

Orde do día

2.       Proposicións non de lei en Comisión

**Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura**

**Día: 19.01.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.1 747(10/PNC-000059)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Gil, César Manuel e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para afrontar un proceso de potenciación da aprendizaxe de linguas estranxeiras nos distintos niveis educativos.

(Procedemento de urxencia)

*Publicación iniciativa carácter urxencia, 10, 09.11.2016*



## **A Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa dos deputados e deputadas, **César Fernández Gil, Moisés Blanco Paradelo, Marisol Díaz Mouteira, Teresa Egerique Mosquera, Martín Fernández Prado, e Carlos López Crespo**, ao abeiro do disposto no artigo 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, polo trámite de **urxencia**.

### **Xustificación da urxencia**

A urxencia ven motivada, para a potenciación de linguas estranxeiras nos distintos niveis educativos.

### **Exposición de motivos**

As políticas do Goberno do Partido Popular de Galicia, desenvolvidas nos últimos anos en Galicia pasaron por afrontar unha transformación do ensino non universitario ao longo do primeiro mandato e por consolidar “a revolución silenciosa”, no segundo.

Hai un importante camiño percorrido, pero faise preciso seguir traballando para acadar para Galicia unha Educación máis moderna, xusta socialmente e de calidade. Ese foi o compromiso adquirido de novo cos galegos e galegas e que toca comezar a executar ao logo da X Lexislatura.

Os galegos e galegas apoiaron co seu voto a necesidade de poñer en marcha políticas educativas pensadas por e para o alumnado, os centros, o profesorado e os equipos directivos, así como para as familias.

Neste contexto, un ámbito no que hai que seguir afondando é a extensión da aprendizaxe de linguas estranxeiras no ensino galego. Logo da experiencia dos últimos anos coa ampliación da Seccións Bilingües e a creación da Rede de Centros Plurilingües, chegados a este momento resulta oportuno renovar e actualizar a estratexia de aprendizaxe e potenciación de linguas estranxeiras nos distintos niveis educativos que se imparten nos centros educativos da nosa comunidade.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia, a afrontar un proceso de potenciación da aprendizaxe de linguas estranxeiras nos distintos niveis educativos,



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 04/11/2016 18:19  
Nº Rexistro: 747  
Data envío: 04/11/2016 18:19:10.820

afrontando a progresiva implantación do sistema de plurilingüismo na Educación Infantil de 3 a 6 anos e a incorporación do inglés nos ciclos de FP.”

Santiago de Compostela, 4 de novembro de 2016

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 04/11/2016 17:55:18**

**César Manuel Fernández Gil na data 04/11/2016 17:55:31**

**Moisés Blanco Paradelo na data 04/11/2016 17:55:35**

**María Sol Díaz Mouteiro na data 04/11/2016 17:55:44**

**Teresa Egerique Mosquera na data 04/11/2016 17:56:01**

**Martín Fernández Prado na data 04/11/2016 17:56:15**

**Carlos Enrique López Crespo na data 04/11/2016 17:56:25**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com

**Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura**

**Día: 19.01.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.2 1170(10/PNC-000107)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego  
para revitalizar o Centro Galego das Artes da Imaxe

*Publicación da iniciativa, 18, 23.11.2016*

## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, a iniciativa das súas deputadas **Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda**, e a través do seu portavoz **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 4.ª**, sobre a revitalización do CGAI.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Centro Galego das Artes da Imaxe (CGAI) é o único arquivo audiovisual público do país. Nel consérvanse fondos cinematográficos e fotográficos únicos que forman parte substancial da memoria audiovisual galega.

Este centro, ademais, desenvolve a importante función de filмотeca dando acceso ás obras cinematográficas que son discriminadas polos circuitos comerciais. Deste xeito, o CGAI é unha institución chave no noso tecido cultural que, como o resto do tecido cultural do país, leva anos sufrindo os imparables recortes do Goberno galego.

Dos 15 traballadores e traballadoras coas que contaba a institución filmográfica en 2010, hoxe quedan nove. Do mesmo xeito, se en 2010 o orzamento era de **450.000 euros, hoxe é de 160.000**, o que supón unha baixada do 65% en apenas cinco anos. Recortes orzamentarios e de persoal que supoñen un grave prexuízo á calidade do servizo (son os propios traballadores e traballadoras do centro os que teñen alertado da situación precaria na que se atopan as latas nos corredores do centro sen as medidas de conservación adecuadas), á preservación do noso patrimonio audiovisual, á difusión da historia audiovisual de Galicia e á propia supervivencia do sector.



A política de recorte de persoais viuse agravada hai uns meses co despedido dun dos proxeccionistas, posto imprescindible para o normal funcionamento do centro. O CGAI é o único centro en Galiza dotado das últimas tecnoloxías en proxección técnica e cinematográfica, dando soporte ao conxunto do audiovisual galego. Do mesmo xeito, tamén se ve ameazada a supervivencia do servizo de consulta do fondo bibliográfico (ao contemplar a desaparición da figura da bibliotecaria) e do servizo de préstamo do seu fondo audiovisual, orientado sobre todo a atender a demanda do mundo educativo.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4.<sup>a</sup>, relativa á revitalización do Centro Galego das Artes da Imaxe (CGAI).

O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a:

- Repoñer as prazas amortizadas para dotar ao CGAI do persoal necesario para o correcto funcionamento do Centro.
- Reverter as políticas de recorte que ameazan a conservación do noso patrimonio audiovisual.
- Apostar pola revitalización do Centro, xerando dende el unha rede de locais e salas de exhibición públicos que ofrezan nos diferentes concellos, vilas e cidades de Galicia a posibilidade de ver as producións audiovisuais galegas e as foráneas que circulan á marxe dos circuitos comerciais, dobradas ou subtituladas en lingua galega.

Santiago de Compostela, 15 de novembro de 2016.



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 15/11/2016 10:50**  
**Nº Rexistro: 1170**  
Data envío: 15/11/2016 10:50:08.580



**Asinado dixitalmente por:**

**Luca Chao Pérez na data 15/11/2016 10:48:51**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 15/11/2016 10:48:59**

**Luis Villares Naveira na data 15/11/2016 10:49:11**

**Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura**

**Día: 19.01.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.3 1607(10/PNC-000166)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre a elaboración pola Xunta de Galicia dun plan de conservación integral da muralla romana de Lugo

*Publicación da iniciativa, 26, 07.12.2016*



## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Concepción Burgo López e Luis Álvarez Martínez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

### Exposición de motivos

Dende 2009 este grupo parlamentario vén denunciando a inacción da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no mantemento e rehabilitación da muralla de Lugo, unha das grandes xoias do patrimonio cultural de Galicia.

Ata para conseguir que realizaran un mantemento mínimo de limpeza do monumento tivemos que levar múltiples iniciativas tanto á Comisión de Cultura como ao Pleno do Parlamento de Galicia. As nosas protestas sumáronse as do Concello de Lugo e as dos veciños e veciñas.

Esta falta de acción da Consellería de Cultura está a pasar factura á muralla. Así son visibles, a simple vista, grandes gretas en varios cubos da muralla e tamén é evidente o seu claro estado de deterioro, o que presenta un perigo evidente para a súa conservación. Hai expertos que non descartan que se podan producir derrubas dos cubos como ten sucedido no pasado. Todo froito dunha falta de atención da Xunta de Galicia que ten as competencias sobre este patrimonio da Humanidade.

Parece evidente que a Xunta de Galicia non ten un estudo integral do estado e das necesidades da muralla. Limitábase, no mellor dos casos, a poñer parches e atender as urxencias máis graves pero traballando desta maneira o deterioro da muralla continuará.

É necesario poñer en marcha un programa de conservación integral que teña moi claro as necesidades do monumento, o cronograma de actuacións e os orzamentos adecuados.





PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 25/11/2016 10:42  
Nº Rexistro: 1607

Data envío: 25/11/2016 10:42:37.294



---

**Grupo Parlamentario**

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei:

---

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

---

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a elaborar, nun prazo máximo dun ano, un plan de conservación integral da muralla de Lugo con indicacións claras e exhaustivas das accións de mantemento, consolidación e rehabilitación necesarias, así como o cronograma de actuación e de investimentos.

Pazo do Parlamento, 24 de novembro de 2016

Asdo.: Concepción Burgo López  
Luis Álvarez Martínez  
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 25/11/2016 10:40:51**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 25/11/2016 10:40:58**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 25/11/2016 10:41:06**

**Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura**

**Día: 19.01.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.4 1696(10/PNC-000175)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a declaración das covas de Eirós, Graxeira e Cabaxa, no concello de Triacastela, como ben de interese cultural, así como para a súa protección e conservación

*Publicación da iniciativa, 26, 07.12.2016*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 28/11/2016 12:45  
Nº Rexistro: 1696  
Data envío: 28/11/2016 12:45:19.633

### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández, Ana Belén Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños e Xosé Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.**

Non anos 2012, 2014, 2015 e 2016 a Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (Adega) reclamou perante a Consellaría de Educación, Cultura e Ordenación Universitaria a declaración das Covas de Eirós, Graxeira e Cabaxa ( localizadas no Concello de Triacastela) como Ben de Interese Cultural (BIC). Un feito que, de acordo coa lexislación estatal vén determinado polos gravados e pinturas rupestres atopados no seu interior ( Lei 16/1985, do 25 de xuño, do Patrimonio Histórico español, artigo 40).

Ao longo deste tempo, a Consellaría non incoou expediente algún ao respecto, alén da consideración destas como Patrimonio Cultural de Galiza en 2014, o que motivou Adega a presentar unha denuncia perante o Tribunal Contencioso-Administrativo nº 2 de Santiago de Compostela en xullo de 2016.

As Covas de Eirós, Graxeira e Cabaxa constitúen un dos restos arqueolóxicos máis importantes atopados no noso país pois nelas foron descubertas:

- Unha das maiores coleccións de restos de *Ursus Spelaeus* (oso cavernario) de Europa converténdose no xacemento máis occidental desta especie extinta.

- Grande cantidade de restos fósiles tornándose nun dos principais referentes para a reconstrución de fauna pleistocena de Galiza.



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 28/11/2016 12:45**  
**Nº Rexistro: 1696**  
Data envío: 28/11/2016 12:45:19.633

- Restos de *homo neanderthalensis* e *homo sapiens* nun espazo que abrangue unha secuencia de actividade humana que vai desde o Neolítico e Paleolítico medio-superior até a Alta Idade Media.

- Os únicos restos con gravados e pinturas rupestres paleolíticas (duns 10 mil anos de antigüidade) de Galiza.

Desde os anos 80 na contorna das covas instalouse unha explotación calcaria que na actualidade é propiedade de Cementos Cosmos, da empresa matriz brasileira Votorantim, cuxa actividade extractiva pon en risco a pervivencia dos restos arqueolóxicos atopados e do Monte Penedo, onde se localizan. De feito, en 2015 Adega amosou os danos causados no xacemento a representantes de Votorantim exixíndolles o cumprimento da lexislación vixente no noso territorio, o que implica paralizar toda actuación que transcorra a menos de 200 metros do mesmo (Lei 8/1995 substituída pola 5/2016 sobre Patrimonio Cultural de Galiza), algo que non aconteceu.

Por todo o exposto, o G.P. do BNG formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Incoar o expediente para a catalogación das Covas de Eirós, Graxeira e Cabaxa como Ben de Interese Cultural (BIC).

2. Elaborar un estudo que determine a situación actual na que se atopa o xacemento arqueolóxico e os prexuízos e danos ocasionados nos últimos anos pola actividade mineira.

3. Elaboración dun Plan especial de protección que abraza medidas de



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 28/11/2016 12:45**  
**Nº Rexistro: 1696**  
Data envío: 28/11/2016 12:45:19.633

conservación e prevención de riscos na Cova Eirós xunto cun Plan de Rehabilitación Ambiental do Monte Penedo.”

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2016

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Xosé Luis Bará Torres**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Belén Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 28/11/2016 12:44:37**

**Xosé Luis Rivas Cruz na data 28/11/2016 12:44:42**

**María Montserrat Prado Cores na data 28/11/2016 12:44:51**

**Noa Presas Bergantiños na data 28/11/2016 12:44:58**

**Xosé Luis Bará Torres na data 28/11/2016 12:45:02**



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 28/11/2016 12:45**  
**Nº Rexistro: 1696**

Data envío: 28/11/2016 12:45:19.633

**Ana Pontón Mondelo na data 28/11/2016 12:45:05**

**Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura**

**Día: 19.01.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.5 1941(10/PNC-000211)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para evitar os riscos que está a ocasionar para a seguridade dos nenos, peóns e vehículos a parada do transporte escolar localizada na DP-2404, en Vilaño, na Laracha

*Publicación da iniciativa, 28, 14.12.2016*



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 02/12/2016 12:16  
Nº Rexistro: 1941  
Data envío: 02/12/2016 12:16:47.112

### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández, Ana Belén Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños e Xosé Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

No CEIP Otero Pedrayo A Laracha, a ANPA vén reclamando a mudanza dunha das paradas do transporte escolar localizada na DP-2404, en Vilaño, por mor dos riscos que carrega para as crianzas transportadas. A falta de visibilidade, unha curva moi pechada, un cambio de rasante e sen arcéns nen sinais de limitación da velocidade ocasiona unha grande inseguridade para peóns, alumnado e vehículos.

Neste senso, nunha solicitude inicial trasladada á Consellaría de Educación en marzo de 2016 a mudanza foilles denegada asegurando que non se cumprían os requirimentos necesarios para instalar unha nova parada. Así as cousas, a demanda da ANPA baséase, non na creación dun novo apeadoiro, senón do traslado apenas uns metros da localización actual.

No mes de setembro recorreron a decisión adoptada por Educación mais até o momento non obtiveron resposta algunha.

Por todo isto, fórmase a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta de Galiza a





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 02/12/2016 12:16**  
**Nº Rexistro: 1941**  
Data envío: 02/12/2016 12:16:47.112

Modificar actual parada do transporte escolar ao seu paso por Vilaño, A Laracha, na DP-2404, até un punto da calzada onde se poida garantir a seguridade das crianzas, vehículos e mesmo peóns.”

Santiago de Compostela, 2 de decembro de 2016

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Xosé Luis Bará Torres**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Belén Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 02/12/2016 12:14:34**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 02/12/2016 12:14:40**

**María Montserrat Prado Cores na data 02/12/2016 12:14:50**

**Noa Presas Bergantiños na data 02/12/2016 12:14:56**

**Xosé Luis Bará Torres na data 02/12/2016 12:15:21**



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

PARLAMENTO  
DE GALICIA



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 02/12/2016 12:16**  
**Nº Rexistro: 1941**

Data envío: 02/12/2016 12:16:47.112

**Ana Pontón Mondelo na data 02/12/2016 12:15:24**

**Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura**

**Día: 19.01.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.6 2129(10/PNC-000222)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis

Sobre a prohibición polo Goberno galego da distribución nos centros educativos de Galicia de calquera publicación que poña en cuestión a igualdade das persoas e, nomeadamente, as políticas de igualdade de trato e non discriminación por motivos de orientación sexual

*Publicación da iniciativa, 28, 14.12.2016*

 Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Luis Álvarez Martínez, e das súas deputadas, María Concepción Burgo López e Noela Blanco Rodríguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª.

Recentemente a organización HAZTE OIR distribuíu polos centros de ensino, un texto baixo o título *Sabes o que lle queren ensinar aos teus fillos no colexio?*, no que se ataca duramente a educación no respecto á diversidade sexual e de xénero e vértense afirmacións incertas sobre as leis para a igualdade LGTBI, aprobadas en varias comunidades autónomas. O texto difundido pretende crear unha alarma inxustificada entre as nais e pais do alumnado e entre a comunidade educativa en xeral, deostando -con argumentos ideolóxicos e discriminatorios- á comunidade LGTBI, á que acusa, de forma absolutamente inxustificada, de querer causar un grave dano ao alumnado.

O Grupo Socialista quere expresar a nosa fonda preocupación e máximo rexeitamento ás afirmacións vertidas por HAZTE OIR na súa propaganda, xa que entende que son contrarias aos valores contidos no noso ordenamento xurídico. Nunha sociedade democrática e plural, a tolerancia, o respecto á diversidade, e a non discriminación por calquera motivo, como recolle a nosa Constitución e as nosas leis educativas, son os alicerces básicos da convivencia, e a educación é un instrumento imprescindible para transmitir ao alumnado ese respecto debido ás realidades diversas.

O Grupo Socialista ten ademais a plena confianza en que o profesorado dos centros educativos desta Comunidade Autónoma traballa adecuadamente a educación en valores e defende estes principios. Con todo, ante o documento de HAZTE OIR, denuncia, unha vez máis, que o alumnado LGTBI é un dos que máis sofre o acoso escolar nos centros educativos, polo que é imprescindible que se cumpran todas as medidas legalmente establecidas para garantir o benestar das nenas, nenos e novos LGTBI nos colexios e institutos.

Así mesmo, valora positivamente as actuacións que está a levar cabo a



**Grupo Parlamentario**

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e, en concreto, a publicación do protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Pese ao anterior, no documento que se está a repartir nos centros educativos podemos ler o seguinte:

*“En los últimos años, estamos asistiendo a una proliferación de leyes, aprobadas en el ámbito de las Comunidades Autónomas, que buscan imponer en la sociedad la ideología de género con el pretexto de la no discriminación y de garantizar los derechos de las personas homosexuales:*

...

*Galicia (2014). Ley por la igualdad de trato y la no discriminación de lesbianas, gays, transexuales, bisexuales e intersexuales en Galicia.*

...

*con estas legislaciones, los gobiernos de las Comunidades Autónomas se adhieren a la corriente ideológica defendida por los lobbies del feminismo radical y LGBTI, “*

Por todo iso, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego para que prohiba o reparto nos centros educativos da Comunidade Autónoma de Galicia, tanto públicos coma privados, de calquera publicación que poña en cuestión a igualdade das persoas e, nomeadamente, aquelas que supoñan un cuestionamento das políticas de igualdade de trato e non discriminación por motivos de orientación sexual.

Pazo do Parlamento, 5 de decembro de 2016

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Manuel Álvarez Mat3nez na data 07/12/2016 11:58:05**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 07/12/2016 12:21**  
**Nº Rexistro: 2129**  
Data envío: 07/12/2016 12:21:01.851



---

**Grupo Parlamentario**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 07/12/2016 11:58:23**

**Noela Blanco Rodríguez na data 07/12/2016 11:58:40**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 07/12/2016 11:58:50**

---

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

---

Reunión da Comisión 4.<sup>a</sup>, Educación e Cultura

Día: 19.01.2017

Hora: 10:30

Orde do día

2.7 2320(10/PNC-000239)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e 4 máis

Sobre a distribución duns folletos de corte claramente  
homófobo nos centros de ensino de Galicia

*Publicación da iniciativa, 32, 21.12.2016*

## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa das súas deputadas **Luca Chao Pérez, Ánxeles Cuña Bóveda, Paula Quinteiro Araújo, Paula Vázquez Verao** e do seu deputado **Marcos Cal Ogando**, a través do seu voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**, referida á distribución duns folletos de corte claramente homófono nos centros de ensino de Galicia.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai unhas semanas as asociacións ultras Hazte Oir e Citizen Go fixeron chegar a numerosos centros do país, así como noutros lugares do estado, un panfleto de 48 páxinas titulado “¿Sabes lo que quieren enseñarle a tu hijo en el colegio? Las leyes de adoctrinamiento sexual, cuxa ilustración de portada amosa a un neno e a unha nena facendo o saúdo fascista ante unha bandeira a modo de arco da vella.

Trátase dunha campaña claramente homófoba e violenta que atenta contra a lexislación vixente do noso país. En primeiro lugar contra a propia Constitución española que no seu artigo 14 consagra a igualdade das persoas ante a lei sen que poda prevalecer discriminación algunha por razón de nacemento, raza, sexo relixión, opinión ou calquera outra condición persoal ou social. E, por outra banda, contra a “Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia”.

Consideramos que dita publicación é contraria aos principios do proxecto educativo do noso país, que deben nacer de valores como o





respecto, a tolerancia e a non discriminación por motivos de nacemento, raza, sexo, opinión, relixión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

É inadmisíbel que unha opción ideolóxica concreta poña en cuestión dereitos fundamentais que deben gozar de especial protección, máxime nas escolas do país, como entidades formadoras de persoas libres e iguais en espazos que deben ser libres de imposicións ideolóxicas e relixiosas.

A propia Valedora do Pobo, nun informe realizado o ano pasado sobre a situación das persoas LGTBI en Galicia denunciou a pervivencia de situacións de discriminación por razón da orientación sexual ou identidade de xénero, especificadas nas escolas en situacións de acoso ou bullying homofóbico ou transfóbico.

Parece evidente que as consecuencias do rechazo social son maiores no caso dos menores, xa que están en fase de desenvolvemento da súa personalidade. Por iso é necesario formar ás familias e á sociedade en xeral na existencia e normalización da diversidade, e niso, os centros de ensino teñen unha importancia capital.

Por todo iso e coa preocupación de que unha plataforma minoritaria como Hazteoir.org poida ocasionar un dano irreparable no alumnado dos centros educativos, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte PROPOSICIÓN NON DE LEI para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a

- 1) Que a Consellería de Educación e Cultura tome as medidas necesarias para que os citados folletos sexan retirados de todos os centros educativos de Galicia.



- 2) Que mentras non sexan retirados comunique, con carácter de urxencia, a todos os centros docentes sostidos ou apoiados con fondos públicos, a prohibición de difundir entre o alumnado e a comunidade educativa o citado panfleto polo seu ataque directo ás liberdades e dereitos fundamentais.
- 3) Que poña os feitos en coñecemento da Fiscalía de Menores a fin de estudar se a devandita campaña pode ser constitutiva de delito de acordo co artigo 510 do Código Penal
- 4) Que inste ao Goberno do Estado á retirada da “declaración de utilidade pública” á Asociación Hacteoir.org, así como todo tipo de colaboración e achegas económicas dende a Administración Pública.

Santiago de Compostela, 15 de decembro de 2016.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Quinteiro Araújo na data 15/12/2016 13:53:01**

**Paula Vázquez Verao na data 15/12/2016 13:53:06**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 15/12/2016 13:53:10**

**Luca Chao Pérez na data 15/12/2016 13:53:12**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 15/12/2016 13:58**  
**Nº Rexistro: 2320**  
Data envío: 15/12/2016 13:58:33.000

**Marcos Cal Ogando na data 15/12/2016 13:53:20**

**Luis Villares Naveira na data 15/12/2016 13:53:38**

**Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura**

**Día: 19.01.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.8 2515(10/PNC-000265)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Puy Fraga, Pedro e 7 máis

Sobre o impulso pola Xunta de Galicia da implantación da programación e a robótica nos distintos niveis educativos, con especial incidencia en Educación Primaria

*Publicación da iniciativa, 36, 28.12.2016*



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 23/12/2016 16:30  
Nº Rexistro: 2515  
Data envío: 23/12/2016 16:00:21.955

### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa deputados e deputadas, César Fernández Gil, Moisés Blanco Paradelo, Carlos Gómez Salgado, Teresa Egerique Mosquera, Martín Fernández Prado, Carlos E. López Crespo, Antonio Mouriño Villar, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en comisión polo trámite de urxencia**.

### Xustificación da Urxencia:

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes sobre esta cuestión.

### Exposición de motivos:

A consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, está a facer unha forte aposta pola introdución da programación e a robótica no ensino non universitario. Neste contexto, a consellería está a dotar de equipamentos de robótica educativa a todos os institutos de ensino secundario de Galicia.

Estes equipamentos, son ferramentas de apoio á docencia para impartir coñecementos e traballar desde unha perspectiva integrada e interdisciplinar, non só desde o ámbito tecnolóxico, senón que abrangue materias como as matemáticas, física, química, ou as materias de libre configuración autonómica propostas pola Xunta ao abeiro da Lei Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) .

Este é o caso das materias de Programación (para alumnos de ESO), e Robótica (para os de Bacharelato), que se impartiron por primeira vez no pasado curso 2015/16 e que neste curso experimentaron un notable interese por parte tanto dos centros coma dos alumnos. De feito, este curso elévanse a 132 os centros que ofertan Programación (o ano pasado foron 50) cuns 4.200 alumnos matriculados; e 92 os que ofertan Robótica



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 23/12/2016 16:30  
Nº Rexistro: 2515  
Data envío: 23/12/2016 16:00:21.955

(26 o pasado curso), cuns 570 matriculados actualmente. .

A dotación destes equipamentos, unida a un plan de formación específico en robótica dirixido ao profesorado vinculado ás ensinanzas tecnolóxicas, ten como fin último que o alumnado dispoña das competencias e habilidades suficientes para desenvolverse no mundo tecnolóxico e dixital actual como cidadáns responsables e activos.

A robótica educativa é, polo tanto, un sistema de ensino interdisciplinario que potencia o desenvolvemento de habilidades e competencias nos alumnos, nomeadamente todas aquelas que se traballan nas áreas científico-técnicas e matemáticas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, formula a seguinte proposición non de lei en comisión polo trámite de urxencia:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a profundizar na implantación da Programación e a Robótica nos distintos niveis educativos, con especial incidencia na Educación Primaria”.

Santiago de Compostela, 23 de decembro de 2016

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 23/12/2016 15:34:54**

**César Manuel Fernández Gil na data 23/12/2016 15:35:19**

**Carlos Gómez Salgado na data 23/12/2016 15:35:32**

**Teresa Egerique Mosquera na data 23/12/2016 15:36:03**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdeg Galicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 23/12/2016 16:30  
Nº Rexistro: 2515  
Data envío: 23/12/2016 16:00:21.955**

**Martín Fernández Prado na data 23/12/2016 15:36:27**

**Carlos Enrique López Crespo na data 23/12/2016 15:36:50**

**Antonio Mouriño Villar na data 23/12/2016 15:37:02**

**Moisés Blanco Paradelo na data 23/12/2016 15:37:39**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com